

1941

Nace en **Ourense**, marcha para Xinzo de Limia, despois estuda no Seminario de Ourense e en Compostela fai a carreira de **Filosofía e Letras**.

1969

Traballa de profesor en Viana do Bolo, acúsano de comunista, **expediéntano**, impídenlle seguir dando clases e marcha para Bilbao.

1971

Casa con **Kristina Berg** semanas despois de coñecela nun tren. Grazas a ela coñece Suecia e outras formas de vivir en Europa. Terán dous fillos.

1977

É a persoa máis nova en ingresar na **Real Academia Galega**.

1981

Entra como deputado no **primeiro Parlamento galego** nas listas do PSdeG-PSOE.

1983

Forma parte da comisión de redacción da **Lei de Normalización Lingüística**.

1985

Convértese no director xeral da **Editorial Galaxia**, un labor que vai desempeñar ata a súa morte.

1996

Asume a presidencia do **Consello da Cultura Galega**.

2002

Este **intelectual galeguista** morre en **Vigo** despois de ter destacado como **escritor, editor e columnista**.

Publícase a súa novela *O sol do verán*, recibe o premio Roberto Blanco Torres de periodismo, constitúese a **Fundación Carlos Casares** e en 2017 é o autor homenaxeado no **Día das Letras Galegas**.

DEPOIS



CARLOS CASARES

*A caricatura é un fragmento da aparecida na capa da obra *Carlos Casares. Vida e literatura* publicada por Xerais.